

Mirande») y teatro («Pedro I. Barrutia»). Los premios están dotados con dos millones y un millón respectivamente.

#### I.4. GALÍCIA\*

XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Xefe do Servizo de Normalización do Idioma  
do Concello de Redondela

#### *Consellería da Presidencia e Administración Pública*

##### a) Desenvolvemento normativo

A Orde do 20 de marzo de 1992 (DOG núm. 69) determina a oficialidade dos topónimos pertencentes ós concellos de Muras, As Nogais, Ourol, A Pastoriza, A Pontenova, Trabada, O Valadouro, O Vicedo e Viveiro da provincia de Lugo.

A Consellería nesta ocasión engadiulle á Orde unha Disposición adicional que di: «Do establecido na presente orde e do seu anexo daráselles conta ás autoridades estatais correspondentes para os efectos que cumpran no exercicio das súas funcións.» A oportunidade desta Disposición adicional está motivada polas sucesivas interpelacións parlamentarias nas que se evidenciaba o incumprimento dos organismos estatuais da toponimia na documentación e cartografía oficial editada.

##### b) Fomento

Un dos obxectivos prioritarios da Consellería da Presidencia e Administración Pública é fomentalo uso da lingua galega nas Corporacións Locais, a teor do mandato que o lexislador fixo na Lei 5/1988, do 31 de xuño, denominada «Do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais».

Por iso destina unha cantidade de dez millóns de pesetas destinadas a subvencionar «campañas para a normalización lingüística dos rótulos existentes nas casas dos concellos».

A mesma atención a través de medidas de fomento establece na

\* Publiquem aquí la *Crónica* del núm. 19. El próximo número inclourà les notes corresponents als períodes dels núm. 20 i 21.

Orde do 2 de xullo de 1992 (DOG núm. 134) coa concesión de axudas económicas a empresas xornalísticas e de radiodifusión.

A partida presupostaria destinada a esta finalidade é de 150.200.000 pesetas. As empresas deberán facer constar nas solicitudes de subvención o número de traballos ou artigos escritos en lingua galega durante o mesmo periodo e porcentaxe de publicacións, informacións ou emisións encamiñadas á normalización da lingua galega e difusión da identidade e cultura de Galicia.

A Consellería terá en conta o Informe do estudio xeral de medios relativa á audiencia media estimada da emisora solicitante para outorga-la subvención solicitada.

Resolución do 21 de decembro de 1992 (DOG núm. 250) pola que se convocan dúas bolsas de estudio sobre linguaxe administrativa galega, ámbalas dúas dotadas de 120.000 pesetas.

O bolseiro prestará a súa colaboración en cantas actividades garden conexión co estudio obxecto desta convocatoria e que contribúan á realización do fin perseguido por ela.

### *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*

#### *a) Desenvolvemento normativo*

O Decreto 252/1992, do 30 de xullo (DOG núm. 182), polo que se regula a cobertura con carácter temporal de postos incluídos nas relacións de postos de traballos mentres non se cubran con carácter definitivo, no seu artigo 12, ó establece os baremos aplicables para a elaboración das listas para a cobertura de postos reservados a funcionarios e/ou persoal laboral, no apartado b.7.) valora «o coñecemento acreditado do idioma galego» (só se valorará o grao superior alegado), do seguinte xeito: *a)* en grao de iniciación: 0,50 puntos; *b)* en grao de perfeccionamento: 0,75 puntos.

Un Decreto, o 253/1992, do 10 de setembro (DOG núm. 182), aproba os Estatutos da Universidade de A Coruña, desenvolvendo deste xeito a Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia que creaba as universidades de A Coruña e de Vigo, «que xunto coa de Santiago de Compostela constitúen o sistema universitario de Galicia».

O artigo 7 preceptúa quen a Universidade de A Coruña «dedicará especial atención ó estudio e desenvolvemento da identidade cultural do noso país...»

Mais concreción, no que á cooficialidade lingüística se refire, atopámola no artigo 8. No parágrafo primeiro establece que «Na Universidade de Coruña serán linguas oficiais as recoñecidas no Estatuto de autonomía de Galicia, sen que se poida facer discriminación por razón do uso de calquera delas».

E no parágrafo segundo: «Contribuir á normalización da lingua propia de Galicia é un obxectivo fundamental da Universidade da Coruña. Para iso, será labor desta Universidade o estudio da realidade lingüística no seu seo e a elaboración de programas de normalización dirixidos a potencia-lo seu pleno uso en tódolos ámbitos da actividade universitaria».

Pero máis nitidez achámola no terceiro e derradeiro parágrafo deste artigo: «A lingua propia da Universidade da Coruña é o galego, que será o seu vehículo normal de expresión».

Pero as referencias á lingua galega son máis abondosas no texto articulado dos Estatutos. O apartado artigo 25 ó fixalas funcións dos centros da Universidade da Coruña que sinala no apartado h) que será o de «Aplicaren as directrices da Universidade da Coruña que sinala no apartado h) que será o de «Aplicaren as directrices da Universidade sobre normalización lingüística».

No Capítulo VI, dedicado ós institutos universitarios, o artigo 31.4. di «A actividade docente e investigadora dos institutos universitarios estará dirixida a investiga-los problemas e eleva lo nivel científico, cultural e artístico da sociedade e, en particular, da galega.»

O Capítulo III, «Servicios de asistencia á comunidade universitaria», explicita no seu artigo 180 que a creación do Servicio de Normalización Lingüística constitúe un servicio de atención á comunidade universitaria.

No artigo 181, enumeranse polo miúdo as funcións do Servicio de Normalización Lingüística.

## b) Fomento

En cumprimento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, a Consellería convoca, a través dunha Orde do 12 de febreiro de 1992, cursos de formación en lingua e cultura galega, niveis de iniciación e perfeccionamento para emigrantes de orixe galega e persoas interesadas no feito social de Galicia.

Os cursos celebráranse na Universidade Estadual e Universidade Ceará (Brasil), na Universidade de Barcelona e diversos centros galegos espallados polo Estado español.

O *Diario Oficial de Galicia* do 6 de marzo de 1992, publica unha Orde

do 23 de xaneiro do mesmo ano pola que se regula a concesión de subvencións ás corporacións locais de Galicia para a normalización da lingua galega.

A consignación orzamental prevista é de vinte millóns de pesetas, para atender las solicitudes de subvencións dos concellos, por esta orde de prioridade:

1. Creación de servicios municipais de normalización lingüística, que contarán polo menos, cun especialista titulado en lingua galega e cumprarán as misións de: *a)* velar porque sexa aplicada a Lei de normalización lingüística de Galicia no ámbito de actuación do concello correspondente, así como a Lei de uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais; *b)* ofrecerlle ó público asesoramento lingüístico para a corrección de textos galegos e para a súa tradución, se fose posible; *c)* impulsar a normalización do galego en diferentes ámbitos da vida pública, de acordo cos plans elaborados pola Dirección Xeral de Política Lingüística.

2. Compra de material bibliográfico, didáctico e/ou de apoio para o servicio de normalización lingüística, xa existente ou de nova creación.

3. Campañas organizadas polas corporacións locais para a normalización, promoción e uso da lingua galega nos diferentes ámbitos da vida pública.

A Orde do 8 de xulio de 1992 (DOG núm. 153) convoca cursos de formación en lingua galega para funcionarios da Administración local.

A Orde recoñece e atende ó interese amosado por un gran número de concellos ó solicitaren subvención para a realización en mútua colaboración de cursos de formación en lingua galega «que permitan ós funcionarios dependentes deles un mellor coñecemento do idioma».

O total de cursos convocados é de 41 para 32 concellos.

A Orde do 23 de outubro de 1992 (DOG núm. 229) convoca «axudas para os traballos dos equipos de normalización lingüística e de potenciación do uso do galego nos centros educativos de educación infantil, educación primaria, xeral básica, especial e permanente de adultos, e de bacharelato, formación profesional e institutos de educación secundaria e profesional, respectivamente».

A Consellería establece esta liña de axudas motivada polo mandato legal, concretado no artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia, que establece que o galego é lingua oficial de Galicia e ordenalles ós poderes públicos galegos que potencien o emprego do idioma propio en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e que dispoñan os medios necesarios para facilitar lo seu coñecemento.

Os equipos a que fai mención a Orde son constituídos de acordo co contemplado nas Ordes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 e do 24 de xullo de 1991 (DOG do 26 e 28 de agosto).

Entre os traballos que terán preferencia para a concesión de axudas atopanse:

a) Accións dirixidas ó perfeccionamento continuado do persoal docente e non docente do centro, co fin de mellora-la súa competencia lingüística oral e escrita para, respectivamente, a impartición das súas materias en galego e a realización en galego das actividades e actuacións contempladas nos artigos 1 e 2 da Orde do 1 de marzo de 1988.

b) Preparación e elaboración de material didáctico en galego necesario para a impartición dos contidos da realidade cultural galega.

c) Accións e materiais necesarios para que poidan recibirlo ensino en galego aqueles alumnos de educación infantil e primeiro ciclo de primaria que teñan o galego como lingua materna.

d) Accións dirixidas á concienciación e á extensión do uso do galego por parte dos alumnos e de comunidade escolar como lingua materna.

e) Preparación e elaboración do material necesario para as adaptacións curriculares que posibiliten unha rápida integración lingüística daqueles alumnos, caso de que os haxa no centro, ós que se lles concedese a exención da materia de lingua galega.

f) Actividades de prensa e radio escolar experimental en galego feitas nos centros de ensino.

### *Consellería de Cultura e Xuventude*

Orde do 4 de decembro de 1992 (DOG núm. 253) pola que se convocan subvencións para a produción discográfica galega.

A finalidade derradeira da Orde é conservar en soporte de disco, casete e compacto moitas das producións musicais galegas, a través da subvención a empresas discográficas.

A contía de cada subvención, a teor do exposto polo artigo segundo da Orde, non poderá sobrepasa la cantidade de 300.000 pesetas por disco, casete ou disco compacto, consistindo no equivalente ó 75 % do prezo de venda ó público (sen IVE) dun máximo do 20 % dos exemplares producidos.

Outra Orde, do 5 de decembro de 1992 (DOG núm. 254) regula as subvencións para a produción audiovisual en lingua galega.

A Consellería é consciente de que o «o mundo audiovisual galego está experimentando nos últimos anos un desenvolvemento, tanto en soporte cinematográfico como videográfico, que permite ter produtos de calidade merecentes da consideración do público da nosa terra e mesmo de fóra de Galicia». Por esta razón quérese contribuir a «facer posibles aqueles proxectos que, polo seu interese, calidade e posibilidades razoables de seren levados a bo fin, se fagan acredores a seren apoiados institucionalmente, para conseguir deste xeito que se produzan máis e mellores materiais audiovisuais».

A Comisión avaliadora das subvención, requiriralles ós solicitantes, para a súa valoración, información verbo do «uso da lingua galega, de acordo coa lexislación vixente, na versión orixinal das producións».

## I.5. PAÍS VALENCIÀ

Ernest GONZÀLEZ I FABRA

Tècnic de la Generalitat Valenciana

En el període comprès entre gener i juny de 1993 només ha aparegut al *Diari Oficial de la Generalitat Valenciana* (DOGV) una disposició de carácter general, referida a l'ensenyament, que tinga com a objecte la llengua catalana. Paradoxalment, aquesta norma, com s'explicarà més endavant, ha estat motivada pel problema onomàstic de la llengua en el nostre ordenament jurídic.

Si exclouem els decrets de canvi de denominació de municipis, ha estat publicada una sola disposició reglamentària que faça referència al català, sense que siga l'objecte principal del seu contingut.

La resta són les ja tradicionals convocatòries i resolucions d'ajudes per al foment de la llengua (en festes populars, comerços, ajuntaments) i les escassíssimes convocatòries de beques i subvencions que en voloren d'alguna manera el foment, ús o coneixement per accedir-hi.

### *Promoció social*

Ordre de 2 de febrer de 1993 (DOGV núm. 1949, de 25 de gener), de la Conselleria de Cultura, Educació i Ciència, per la qual es convoquen els premis de la Generalitat Valenciana per a les activitats de promoció